

PRÁCTICA : Extracción do ADN dos chícharos

MATERIAL :

Chícharos (guisantes).

Deterxente lavavaixelas

Sal (NaCl)

Auga destilada

Líquido para limpar as lentes de contacto ou ben abrandador de carne

Alcohol de 96

Auga destilada

Probeta de 250 cc

Batedur

PROCEDIMIENTO:

- Mestura no frasco da batedora 400 g de chícharos con 200 ml de auga destilada e engade 3 culleradas de deterxente de lavavaixelas e unha de sal. Bate ben e filtra o líquido obtido (serve un colador metálico dos que tes na casa) pasándoo seguidamente a unha probeta.

- Engade un chorro de líquido para limpar lentes de contacto e mestura ben todo.

- Engade 50 ml de alcohol moi coidadosamente, facéndoo esbarar polas paredes do vaso para que non se mesture co filtrado e forme unha capa sobre él separada por densidade.

- Deixa repousar durante uns minutos. Ollarás que vai subindo e mesturándose co alcohol unha maraña de fios brancos que serán o ADN dos chícharos.

OBSERVACIÓN: Co obxectivo de máximo aumento observa un anaco deses fios. O ADN debe verse como uns fios delgadiños e separados. A solución de lavavaixelas e o sal máis a acción da batedora é capaz de rachar a parede celular e as membranas plasmática e nuclear. O líquido limpa lentes de contacto contribue a eliminar as proteínas que poidan contaminar o ADN.-O alcohol separa o ADN que é soluble en auga.

